



CONSELLO XERAL DO PODER XUDICIAL

**CELSO RODRÍGUEZ PADRÓN, SECRETARIO XERAL DO
CONSELLO XERAL DO PODER XUDICIAL,**

**CERTIFICO: QUE O PLENO DO CONSELLO XERAL DO PODER
XUDICIAL, NA SÚA REUNIÓN DO DÍA DA DATA, APROBOU O
INFORME AO PROXECTO DE ORDE DE NORMATIVA SOBRE
CONDICIÓN DE TRABALLO DOS FUNCIONARIOS AO
SERVIZO DA ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA DE CANTABRIA**

I

ANTECEDENTES

Con data 24 de xullo de 2008 tivo entrada no Rexistro do Consello Xeral do Poder Xudicial (CXPX) o texto do proxecto de Orde de Normativa sobre condicións de traballo dos funcionarios ao servizo da Administración de Xustiza de Cantabria, remitido polo director xeral de Xustiza do Goberno de Cantabria, para os efectos da emisión do preceptivo informe.

A Comisión de Estudos e Informes acordou designar relator o Excmo. Sr. vogal D. José Manuel Gómez Benítez e na reunión con data do 10 de outubro de 2008 aprobou o presente informe, acordando a súa remisión ao Pleno do Consello Xeral do Poder Xudicial.



II

**CONSIDERACIÓNS XERAIS SOBRE A FUNCIÓN CONSULTIVA
DO CONSELLO XERAL DO PODER XUDICIAL**

1.- A función consultiva do Consello Xeral do Poder Xudicial a que se refire o artigo 108 da Lei orgánica do poder xudicial ten por obxecto os anteproxectos de lei e as disposicións xerais do Estado e das comunidades autónomas que afecten total ou parcialmente, entre outras materias expresadas no citado precepto legal, a *“normas procesuais ou que afecten a aspectos xurídico-constitucionais da tutela ante os tribunais ordinarios do exercicio de dereitos fundamentais e outras calquera que afecten á constitución, organización, funcionamento e goberno dos xulgados e tribunais”*.

2.- No presente caso, os títulos que atraen a competencia informante do Consello recoñécense na letra d) do artigo 108.1 LOPX, pois a norma proxectada ten por obxecto a concreción regulamentaria das condicións de traballo dos funcionarios ao servizo da Administración de Xustiza da Comunidade Autónoma de Cantabria e, máis concretamente, como aduce o Goberno de Cantabria, o art. 500.4 LOPX, que prescribe que “[a] distribución da xornada e a fixación dos horarios determinarase a través do calendario laboral que, con carácter anual, se aprobará polo órgano competente do Ministerio de Xustiza e das comunidades autónomas con competencias asumidas, nos seus respectivos ámbitos, previo informe favorable do Consello Xeral do Poder Xudicial e negociación coas organizacións sindicais. O calendario laboral determinarase en función do número de horas anuais de traballo efectivo. Poderán establecerse flexibilidades



horarias á entrada e á saída do traballo e garantirase en todo caso un número de horas de obrigada concorrencia continuada. Os horarios que se establezan deberán respectar en todo caso o horario de audiencia pública.”

III

ESTRUTURA E CONTIDO DO PROXECTO

O proxecto obxecto de informe consta de 1 preámbulo sucinto e breve, limitado a mencionar o obxecto da norma e o ámbito de intervención normativa da Comunidade Autónoma de Cantabria en materia de medios persoais e materiais ao servizo da Administración de Xustiza, a fixación das xornadas especiais e os horarios, así como os procedementos para a concesión das vacacións e os permisos que corresponden aos funcionarios ao servizo da Administración de Xustiza, competencia asumida pola comunidade autónoma redactora da orde sometida a informe a partir do 1 de xaneiro de 2008 (en virtude do Real decreto 817/2007), e 32 artigos, estruturados ao redor de 5 capítulos, dedicados sucesivamente a:

- i) Disposicións xerais (art. 1), capítulo I, que regula unicamente o ámbito de aplicación da orde; ámbito que, nos termos da resolución do 15 de xullo de 2005 da Secretaría de Estado de Xustiza, queda referido aos funcionarios regulados no art. 470 LOPX ao servizo da Administración de Xustiza no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Cantabria.



CONSELLO XERAL DO PODER XUDICIAL

- ii) Xornada e horario, preceptos recollidos no capítulo II (arts. 2 a 9), relativos á regulación da xornada e os horarios xerais, xornada e horarios especiais, xornada intensiva, servizos de garda, pausa durante a xornada, compensacións horarias, medidas adicionais de flexibilidade horaria e xustificación de ausencias.
- iii) O capítulo III, relativo ás vacacións dos funcionarios ao servizo da Administración de Xustiza en Cantabria, ocupa os arts. 10 e 11, dispoñendo as normas aplicables ás vacacións anuais o seu procedemento de solicitude.
- iv) O réxime regulador dos permisos e licenzas dos funcionarios ao servizo da Administración de Xustiza en Cantabria, ao que se dedica o capítulo IV da Orde (arts. 12 a 30), constitúe a cuestión máis extensamente regulada na Orde, incluíndo as disposicións aplicables a:
 - a) Permiso por asuntos particulares;
 - b) Permiso por falecemento, accidente ou enfermidade grave dun familiar;
 - c) Permiso por parto;
 - d) Permiso por adopción ou acollemento;
 - e) Permiso por paternidade;
 - f) Disposicións comúns aos supostos de permiso por parto, acollemento e adopción;
 - g) Permiso por traslado de domicilio habitual;
 - h) Permiso para concorrer a exames ou probas selectivas;
 - i) Permiso para o cumprimento de deberes inescusables;



CONSELLO XERAL DO PODER XUDICIAL

- j) Permiso para a realización de funcións sindicais ou de representación do persoal;
 - k) Permiso por campaña electoral;
 - l) Disposición común en materia de permisos;
 - m) Licenza por matrimonio;
 - n) Licenza para formación e perfeccionamento;
 - o) Licenza por asuntos propios;
 - p) Licenza por nomeamento como funcionario en prácticas;
 - q) Licenza por enfermidade;
 - r) Licenza por risco durante o embarazo;
 - s) Procedemento para a solicitude de permisos e licenzas.
- v) O capítulo V (arts. 31 e 32) regula o réxime de excedencias, coa previsión da excedencia dos funcionarios de carreira e a excedencia voluntaria, de oficio ou a petición do funcionario de carreira.

A Orde que agora se informa non consta doutra disposición nin adicional, nin transitoria, nin final, reguladora da entrada en vigor.

Tampouco inclúe memoria explicativa ningunha, nin memoria económica, nin relativa ao impacto de xénero.

III

CONSIDERACIÓNS XERAIS

O art. 500 e seguintes da LOPX, incluídos no libro VI da citada lei, titulado “Dos corpos de funcionarios ao servizo da Administración de



CONSELLO XERAL DO PODER XUDICIAL

Xustiza e doutro persoal”, determina o réxime de fixación de xornada e horario dos funcionarios ao servizo da Administración de Xustiza e a participación para o efecto das comunidades autónomas con competencia na materia. En concreto, o art. 500.4 LOPX dispón que “[a] distribución da xornada e a fixación dos horarios determinarase a través do calendario laboral que, con carácter anual, se aprobará polo órgano competente do Ministerio de Xustiza e das comunidades autónomas con competencias asumidas nos seus respectivos ámbitos, previo informe favorable do Consello Xeral do Poder Xudicial e negociación coas organizacións sindicais. O calendario laboral determinarase en función do número de horas anuais de traballo efectivo. Poderán establecerse flexibilidades horarias á entrada e saída do traballo e garantirase en todo caso un número de horas de obrigada concorrencia continuada. Os horarios que se establezan deberán respectar en todo caso o horario de audiencia pública.”

Para estes efectos, o Goberno de Cantabria asumiu, con data do 1 de xaneiro de 2008, a competencia relativa ás funcións e servizos en materia de provisión de medios materiais e económicos para o funcionamento da Administración de Xustiza, como consecuencia da transferencia de competencias a favor da meritada comunidade autónoma que se realizou mediante a aprobación do Real decreto 817/2007.

Neste marco de atribución á Comunidade Autónoma de Cantabria da competencia en materia de medios persoais e materiais ao servizo da Administración de Xustiza, da fixación das xornadas especiais e dos horarios, xunto cos procedementos que se seguirán para a concesión de vacacións e permisos que poidan corresponder ao servizo da Administración de Xustiza, sitúase a Orde que se somete a informe deste Consello.



Esta Orde, como sinala o breve preámbulo que a antecede, pretende prover a dita regulación “guiada por dous horizontes; a saber, en canto ao fondo, pola idea de conciliar, da mellor maneira posible, o dereito dos cidadáns a un adecuado servizo público coas condicións de traballo dos funcionarios ao servizo da Administración de Xustiza e as súas relacións familiares e, en canto ao procedemento, polo interese en simplificar os trámites sen prexuízo das garantías que para o servizo público deben preservarse.” Todo isto, como non podía ser doutra forma, no respecto aos ditados da LOPX e do Estatuto básico do empregado público e en consonancia coas medidas consagradas no acordo para a modernización dos servizos públicos e para a mellora das condicións de traballo na Administración da Comunidade Autónoma de Cantabria do 20 de decembro de 2005.

Con estas premisas, non cabe formular obxección ningunha á intervención normativa do goberno cántabro nesta materia, toda vez que a Orde que se somete ao trámite previsto no art. 500.4 LOPX forma parte do conxunto de competencias e atribucións asumidas pola comunidade autónoma emisora en materia de Administración de Xustiza, competencias e atribucións referidas e referibles ao ámbito comunmente coñecido como Administración da Administración de Xustiza; a saber, o relativo a medios persoais e materiais ao servizo da Administración de Xustiza na comunidade autónoma, neste caso a de Cantabria.

Dito doutro modo, a Orde que agora se informa dítase no exercicio da explicada habilitación competencial de modo que, desde unha perspectiva xeral, axústase ás prescricións da Constitución e do estatuto de autonomía, respecta a distribución competencial na materia e regula cuestións incluídas no ámbito da dispoñibilidade regulamentaria da Comunidade Autónoma de Cantabria.



IV

CONSIDERACIÓNS SOBRE O CONTIDO DA ORDE

Como se dixo, a Orde que se analiza contén o desenvolvemento e o complemento normativo da regulación contida nos arts. 500 e seguintes LOPX e en especial do art. 500.4 LOPX.

Avanza o preámbulo da Orde que a norma pretende conciliar o dereito dos cidadáns a un servizo público adecuado coas condicións de traballo dos funcionarios ao servizo da Administración de xustiza e as súas relacións familiares resultando, pois, enmarcable no espírito que inspira as últimas reformas lexislativas habidas no noso ordenamento nesta materia.

De feito, nos últimos anos aprobáronse no noso país unha serie de leis cuxo destinatario principal foi o funcionario público, e singularmente a regulación do seu estatuto xurídico. Este proceso, que xa se iniciou coas modificacións da lexislación de función pública de 1984, parece que culminou coa aprobación dunha nova regulación na materia, concretamente a Lei 7/2007, do 12 de abril, do estatuto básico do empregado público. Esta lei redefiniu o estatuto do servidor público e dispuxo un novo réxime de licenzas e permisos en coherencia coas disposicións que ao respecto recolle a Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, en especial no que se refire aos permisos e licenzas relativos á conciliación da vida persoal, familiar e laboral e por razón de violencia de xénero.



CONSELLO XERAL DO PODER XUDICIAL

Neste contexto, a Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes modificou, por medio da súa disposición adicional terceira, apartado catorce, entre outros preceptos, o art. 373, relativo aos permisos e licenzas para a conciliación da vida persoal, familiar e laboral e por razón de violencia de xénero aplicables a xuíces e maxistrados, pero non introduciu reforma ningunha nos arts. 500 e seguintes, aplicables aos funcionarios ao servizo da Administración de Xustiza.

Consecuentemente parece, pois, que o réxime aplicable a estes funcionarios se deducirá das directrices previstas nos tales preceptos en tanto especialidades do réxime xeral de funcionarios [art. 4.c) da lei 7/2007], isto é, o establecido no meritado Estatuto básico do empregado público (lei 7/2007), e que se aplica de forma supletoria (art. 2.5 da lei 7/2007), e das previsións que, no ámbito das súas atribucións, diten os órganos competentes, sexan do Ministerio de Xustiza (en cuxo ámbito se ditou o Real decreto 249/1996, do 16 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento orgánico dos corpos de oficiais, auxiliares e axentes ao servizo da Administración de xustiza, que quedou afectado polas modificacións realizadas pola Lei orgánica 19/2003, do 23 de decembro, de reforma da LOPX, así como a Orde XUS/1263/2004, do 18 de marzo, pola que se regula o procedemento de integración dos funcionarios ao servizo da Administración de Xustiza nos corpos e escalas creados pola anteriormente dita lei orgánica 19/2003), sexan da comunidade autónoma, como é o caso.

Nesta orde de cousas, como se dixo, a presente Orde dítase no exercicio das competencias autonómicas propias atribuídas e asumidas ao abeiro do esquema e nas materias indicadas.



CONSELLO XERAL DO PODER XUDICIAL

Polo que se refire ao contido, o obxecto e o contido da regulación, dunha parte, non excede os límites materiais que definen e delimitan o ámbito competencial e, doutra, parece de principio plenamente respectuoso cos ditados da Lei orgánica do poder xudicial, da Lei de axuizamento civil e do Estatuto básico do empregado público.

Neste sentido, merece destacarse o esforzo por xuntar e compatibilizar o mantemento e a prestación adecuada do servizo da Administración de Xustiza coas esixencias de conciliación da vida laboral e persoal e familiar, e nesta medida a adaptación do réxime de permisos e licenzas establecidos no Estatuto básico do empregado público ás peculiaridades e especialidades do servizo público da Administración de Xustiza.

En canto ao ámbito de aplicación, utiliza a Orde un dobre criterio. Dun lado, como é lóxico, o territorial, isto é, o ámbito territorial da comunidade autónoma, e doutro o material, é dicir, o que determina que tipo de funcionarios quedan sometidos a esta norma. Para estes efectos, a disposición sometida a informe remítese directa e expresamente aos previstos no art. 470 LOPX.

A regulación concreta da xornada e dos horarios segue a regulación xeral na materia, prescribindo de forma explícita o pleno respecto ao disposto na Lei de axuizamento civil e nas demais normas procesuais respecto á presentación de escritos sometidos a termo, garantíndose a asistencia dos funcionarios necesarios para a realización destas funcións ata as 15 horas (art. 2 da Orde).

Igual concordancia se manifesta respecto ao art. 500.5 LOPX no que se refire ás necesidades que se deriven das peculiaridades dos diferentes servizos ou órganos xurisdicionais para fixar horarios especiais



CONSELLO XERAL DO PODER XUDICIAL

previa negociación coas organizacións sindicais presentes na mesa sectorial do persoal funcionario da Administración de Xustiza en Cantabria (art. 3 da Orde), así como respecto ao establecemento da xornada intensiva e da pausa durante a xornada, en cuxos casos sempre haberá de garantir a obrigada presenza durante o horario de audiencia pública que se dispoña ao abeiro do art. 188 LOPX (arts. 4 e 6 da Orde).

No que se refire ao resto dos permisos e licenzas, en especial aqueles que no texto do Estatuto básico do empregado público se traducen en medidas de flexibilidade horaria (os contidos no art. 8 da Orde que resumidamente implican os permisos para a realización de exames prenatais e técnicas de preparación ao parto para funcionarias embarazadas, partos prematuros ou en que o nacido deba permanecer hospitalizado, atención ao menor de 12 meses, garda legal, coidado de familiar de primeiro grao, fillo con discapacidade física, psíquica ou sensorial, funcionarias vítimas de violencia sobre a muller, enfermidade, coidado de persoas maiores, fillos menores de 12 anos ou persoas con discapacidade), é de destacar positivamente que a Orde os adapta á realidade dos órganos xudiciais e impón en todo momento a garantía do horario de audiencia pública e de atención ao cidadán a que se refire o art. 188 LOPX.

Esta liña de respecto e coherencia co disposto na LOPX mantense ao longo do resto da regulación contida na Orde que se informa: así, o réxime de vacacións anuais segue o establecido no art. 502 LOPX e os permisos por asuntos particulares o disposto no art. 503.1 LOPX. Do mesmo modo, a regulación dos permisos por parto, paternidade, falecemento, seguen a pauta referida e adapta as disposicións do Estatuto básico do empregado público (como é o caso do permiso para a realización de funcións sindicais ou de



CONSELLO XERAL DO PODER XUDICIAL

representación do persoal tamén previsto no art. 41 do estatuto do empregado público, en consonancia coa Lei orgánica de liberdade sindical).

O procedemento para a solicitude de permisos e licenzas (art. 30 da Orde), é un procedemento sinxelo, breve, que busca a axilidade e a economía procesual administrativa, se ben a súa regulación resulta algo parca.

Finalmente, aínda que a Orde merece un parecer positivo, debe facerse unha observación á falta de disposición ningunha. Aínda que a ausencia de disposición derogatoria está xustificada na medida en que non exista normativa autonómica previa dada a data de aplicación do decreto de transferencia de competencias (1 de xaneiro de 2008), parece recomendable a inclusión dun réxime transitorio para aqueles permisos e licenzas en tramitación ao momento de entrada en vigor da Orde e por suposto a adición e a previsión dunha disposición final indicadora da data *a quo* de entrada en vigor, salvo que se pretenda aplicar o réxime previsto no Código Civil en punto a que as normas entran en vigor pasados vinte días da súa publicación oficial se non se prevé o contrario.

É todo canto ten que informar o Consello Xeral do Poder Xudicial.

E para que conste e produza efectos, estendo e asino a presente certificación en Madrid o 15 de outubro do ano 2008.